

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DO PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL

Resumo infográfico



SOLICITUDE

Presentación da documentación necesaria para o procedemento de selección (fase 1 + fase 2)

- Declaración asinada pola persoa candidata (anexo III)
- Certificación da universidade na que está matriculada ou se matriculará a persoa candidata (anexo V)
- Documentación de acreditación dos supostos de excepcionalidade para a data de finalización dos estudos
- De ser o caso, certificado de discapacidade se non está expedido pola Xunta de Galicia
- Declaración da persoa que dirixirá a tese (anexo IV)
- Acreditación da aprobación do proxecto de tese ou declaración responsable de que se vai someter a aprobación
- Proxecto de tese que se vai realizar
- Acreditación de méritos:
 - ◆ Certificación referida á persoa que dirixirá a tese e os seus méritos vinculados ao grupo, centro, equipo ou unidade de investigación ao que pertence, así como a súa experiencia en proxectos de I+D+i
 - ◆ Memoria da adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas sinaladas na orde
 - ◆ Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira
 - ◆ Acreditación de concesión dunha bolsa de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional



SELECCIÓN

Procedemento estruturado en dúas fases

FASE 1:

- Comprobación de que a persoa candidata compre todos os requisitos
- Comprobación da entrega de toda a documentación, agás os méritos
- Publicación do listado provisional de admitidos e excluídos na internet
- Prazo de emenda de erros ou da falta de documentos. 10 días hábiles
- Publicación do listado definitivo na internet e notificación na sede electrónica
- Selección de solicitudes. 3 solicitudes por cada unha das 102 axudas convocadas. Respetaranse as cotas por áreas de coñecemento, así como a cota reservada a persoas con discapacidade
- Publicación do resultado da selección na internet e notificación na sede electrónica

Na primeira fase de selección aplicarase como único criterio a nota coa que as persoas candidatas concorren a esta convocatoria

FASE 2:

- Comprobación da documentación relativa aos méritos das persoas candidatas que superasen a fase 1
- Publicación das solicitudes con méritos incorrectamente acreditados na internet
- Prazo de emenda de erros ou da falta de documentos. 10 días hábiles



VALORACIÓN

Baremación das solicitudes seleccionadas en fase 2

- Expediente académico (anexo V). Ata 40 puntos
 - Proxecto de traballo de investigación. Ata 20 puntos
 - Persoa que dirixirá o traballo de investigación. Ata 15 puntos
 - Adecuación ás liñas estratéxicas sinaladas na orde. Ata 15 puntos
 - Nivel de coñecemento lingua estranxeira. Ata 7 puntos
 - Bolsa de colaboración. Ata 3 puntos
- O proxecto de traballo de investigación, así como a súa adecuación as liñas estratéxicas serán valorados por un equipo avaliador externo ao sistema de I+D+i galego



CONCESIÓN

102 axudas: 90 para universidades do SUG, 12 para as demais entidades

- Publicación da resolución provisional de persoas seleccionadas para cada entidade beneficiaria na internet e notificación na sede electrónica
- Prazo de alegacións. 10 días hábiles
- Prazo para presentación de documentación. 10 días hábiles:
 - ◆ Aceptación da axuda con indicación das persoas candidatas seleccionadas
 - ◆ Certificación da universidade na que se indique o programa de doutoramento no curso 2022/23 e a aprobación do proxecto de tese
 - ◆ Declaración da persoa candidata doutras axudas recibidas para a súa formación predoutoral
- Publicación da resolución definitiva de concesión no DOG e na internet

NECESARIA PARA SELECCIÓN FASE 1

NECESARIA PARA SELECCIÓN FASE 2



QUEN XESTIONA?

- SUG: Secretaría Xeral de Universidades
- Demais entidades: Axencia Galega de Innovación



COMO SE PRESENTA?

Sede electrónica da Xunta de Galicia



ONDE INFORMARSE?

Na internet nos enderezos da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación